

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Lugo,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Alfonso Carrasco Rouco, actuando en representación da Diocese de Lugo, en virtude da súa condición de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *“Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”*, formalizado polo *“Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”* asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como

de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Lugo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan*

estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Lugo

Pola súa banda, a Diocese de Lugo comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, poñerao no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas

xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

O bispo da Diocese de Lugo

Román Rodríguez González

Alfonso Carrasco Rouco

ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A DIOCESE DE LUGO, AÑO 2023

BEN: igrexa de Vilabade (parroquial de santa María)
SITUACIÓN: Vilabade, Castroverde (Lugo)
PROTECCIÓN: A igrexa de Santa María de Vilabade, Castroverde (Lugo) está protexida polo seu valor cultural ao ter a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento segundo o Real Decreto 3021 de 16/11/1979. Está incluída no Catálogo de Protección do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Castroverde, arquitectura relixiosa ficha núm. 2.1-50 con protección integral. Ademais está situada no Camiño de Santiago Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo protexido segundo o Decreto 267/2012 do 5 de decembro (DOG núm. 248) inscrito na Lista do patrimonio mundial da UNESCO como extensión do Camiño de Santiago, polo que está considerado como Ben de Interese Cultural (BIC) en base ao sinalado no artigo 75.1 da lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.

ACTUACIÓN: Obras de restauración da cuberta da igrexa de Santa María de Vilabade, Castroverde (Lugo) (SAR 2021-0097)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 170.000,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:
A igrexa de Santa María de Vilabade en Castroverde ten as súas orixes na Orde Franciscana cunha posible fundación inicial no século XIII, e unha posterior refundación no século XV. A súa arquitectura posúe elementos góticos e outros de épocas posteriores froito das sucesivas transformacións sufridas nos séculos XVI, XVII e XVIII. As fachadas oeste sur presentan abundantes elementos medievais, mentres que o pórtico da entrada principal co seu frontón e arcada frontal é claramente neoclásica. A súa planta é dunha soa nave dividida en tres tramos por arcos apuntados cunha tribuna aos pes. O presbiterio está rematado por un valioso retablo barroco de Francisco de Moure, tras o que se desenvolve a sancristía en dúas alturas a modo de chirola. Nas paredes laterais destacan dous retablos barrocos e pinturas murais deterioradas pola humidade.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:
Na década dos anos 70 do século XX realizouse unha importante obra de reforma nas cubertas, na que se incorporan por riba das bóvedas uns forxados de formigón deixando un espazo baixocuberta entre ambos. Tamén nesa intervención se substitúen os revocos de cal por outros de morteiro de cemento que provocaron co paso do tempo importantes patoloxías no edificio. Na actualidade a igrexa de Vilabade en Castroverde presenta unha serie de defectos e danos que hai que resolver, froito da falla de mantemento, da entrada de auga da cuberta e de patoloxías derivadas da intervención dos anos setenta do século XX.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:
Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en: - Renovación do lousado da cuberta e colocación de proteccións de zinc en campanario e



encontros de cuberta.

- Substituír os morteiros de cemento dos paramentos, tanto dos revocos do interior como dos rexuntados do exterior por morteiros de cal.
- Renovación e saneado da drenaxe perimetral existente.
- Intervencións puntuais nas carpinterías exteriores existentes para aumentar a ventilación do interior, así como incorporar un illante térmico na cuberta.
- Traballos de conservación preventiva nas pinturas murais existentes.



BEN: igrexa de santo Estevo de Atán

SITUACIÓN: Lugar de Prado, parroquia de Atán, Pantón (Lugo)

PROTECCIÓN: A igrexa de Santo Estevo de Atán, situada no concello de Pantón (Lugo), está protexida polo seu valor cultural ao estar declarada ben de interese cultural coa categoría de monumento, polo Decreto 2496/1975 de 23 de agosto (BOE núm. 254 do 23.10.1975), e o que se determina na disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOC núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985).

Asemade, localízase na Ribeira Sacra que foi declarada ben de interese cultural coa categoría de Paisaxe Cultural polo Decreto 166/2018 e conta cun contorno de protección delimitado no Decreto 262/2008, do 6 de novembro.

ACTUACIÓN: Obras de conservación na igrexa de Santo Estevo de Atán (SAR-2022-0170)

INVERSIÓN ESTIMADA: 30.000,00 € (IVE incluído)	PAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 1,5 meses
--	---------------------------------------

DESCRICIÓN:

A igrexa de Santo Estevo de Atán atópase no enclave da Ribeira Sacra, na proximidade do río Miño. A construción do templo data de principios do século XIII sobre os restos dun antigo mosteiro de orixe prerrománico.

Con respecto ao mosteiro, a primeira referencia data do ano 841, cando o rei Alfonso II doa o mosteiro á Catedral de Lugo. Desta construción prerrománica consérvanse algúns elementos, como a celosía con formas de arcos de ferradura. A existencia do devandito mosteiro prerrománico púidose demostrar co achado de restos arqueolóxicos nas escavacións levadas a cabo nos anos 90, promovidas no marco do proxecto de rehabilitación integral da igrexa.

No que se refire á igrexa, a construción actual é o resultado de numerosas intervencións, o que dificulta a súa lectura. O templo é de aparencia sinxela, formada por unha única nave con ábsida rectangular abovedada. A nave ten dous tramos diferenciados, separados por un arco que remata nun pinche que lle dá forma á cuberta a dúas augas. Esta diferenciación volumétrica dos tramos da nave pódese ler tanto dende o interior como dende o exterior do templo. Os muros están construídos con cantería de granito e presentan contrafortes nos laterais. Acaroadá á igrexa, no lateral sur, atópase a torre, que puido ter o seu orixe como campanario exento.

Na fachada principal, ao oeste, destaca a portada de acceso, con arquivolta lixeiramente apuntada. Os arcos, que teñen motivos variados, están soportados por tres pares de pilastras e tímpano liso cunha inscrición. Na fachada norte, a portada de acceso lateral amosa unha composición similar dunha soa arquivolta.

Na fachada sur atópase o atrio, no lugar que ocupaba a casa reitoral. Dende este accedese á torre, está cercado por un muro de cachotería e o pavimento é de lousa de granito. A carón da fachada principal sitúase o cemiterio parroquial, nunha cota lixeiramente por enriba do acceso á igrexa.

Con respecto ao interior do templo, pódense atopar pinturas murais dos séculos XV-XVI na ábsida e nos muros laterais da nave. Estas pinturas relatan escenas bíblicas.



XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Ao longo do tempo, fixéronse distintas intervencións na igrexa de Santo Estevo de Atán. Entre elas cabe destacar nas que se demoleu a construción destinada á casa parroquial, na fachada sur; o que foi necesario para a consolidación da igrexa, que amosaba alarmantes problemas de estabilidade estrutural.

Na actualidade, o templo presenta unha serie de patoloxías e problemas que cómpre resolver para garantir a súa axeitada conservación:

- Detectáronse humidades nunha zona puntual que afecta ás pinturas murais que se atopan no muro sur da igrexa. Estas manchas de humidade sobre as pinturas coinciden no exterior co resalte do zócalo onde non se puido completar o rexuntado con morteiro de cal ao coincidir coa localización dun cofre funerario.
- O atrio sur presenta importantes problemas de humidade. As catas levadas a cabo amosaron a existencia dun sistema de drenaxe, mais as lousas de granito están colocadas sobre unha base de cemento que dificulta a filtración da auga. Aínda que despois das catas colocáronse as lousas sobre material granular, non se puido mellorar completamente o sistema de drenaxe.
- Presenza de morcegos no interior da igrexa. Nos encontros das ventás e a porta existe suficiente folgura como para permitir a entrada destes animais á igrexa.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

1. Con respecto aos problemas de humidade:

- Rexuntado con morteiro de cal nos resaltes do zócolo do muro formando media cana, evitando que se acumule a auga. Para conseguir a continuidade do morteiro será necesario trasladar o cofre funerario, permitindo os traballos sobre o muro sur e o adro. Previo ao rexuntado farase unha limpeza lixeira dos muros, retirando vexetación, morteiros inadecuados e saneando as xuntas. Finalmente recolocarase o cofre funerario no lugar indicado pola dirección facultativa.
- Formación de pingadeira na cuberta da cabeceira para evitar o fluxo de auga directamente polos contrafortes do muro.
- Mellora do sistema de drenaxe do adro para permitir a rápida evacuación da auga. Para isto é necesario trasladar o cofre funerario, a pila bautismal, a ara e o resto de pezas do adro. Despois levantarase as lousas do chan para colocar unha nova drenaxe sobre morteiro de cal, encherase con material granular e recolocarase as lousas de granito con xuntas permeábeis.

2. Con respecto á entrada de morcegos na igrexa:

- Realizar un control da fauna. Farase unha avaliación e caracterización da comunidade de animais que entran na igrexa. Avaliaranse os posíbeis lugares de anidadoiro dos animais protexidos.
- Acometer medidas correctoras e preventivas para evitar o impacto negativo da fauna no interior da igrexa. Neste sentido as actuacións a levar a cabo son dúas. Por un lado, instalaranse refuxios alternativos para o anidadoiro dos animais. Por outro, pecharanse os posíbeis puntos de entrada, retranqueando os vidros dos ocos garantindo aínda así a ventilación. Colocarase un burlete mecánico na porta



principal para reducir a súa folgura na parte inferior.

3. Limpeza dos elementos de interese artístico, a portada oeste e a portada norte.

BEN: igrexa do mosteiro de san Pedro de Vilanova

SITUACIÓN: Vilanova, Dozón (Pontevedra)

PROTECCIÓN: A igrexa do mosteiro de San Pedro de Vilanova, Dozón está protexida polo seu valor cultural xa que ten a consideración de ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016), ao estar recollida no Catálogo do Plan Básico Autonómico.

ACTUACIÓN: Actuacións no interior da igrexa do mosteiro de san Pedro de Vilanova (SAR-2022-0176)

INVERSIÓN ESTIMADA: 125.000,00 € (IVE incluído)

PRazo DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

Dona Guntruda Suárez cando xa estaba viúva de Pelayo Martínez fundou no ano 1154 o mosteiro de relixiosas beneditinas destinado a san Pedro, en Vilanova na beira do río Dozón. Na dotación, aparte dos terreos á beira do río Asneiro nos que se asenta o mosteiro, incluiron outras fincas próximas. A igrexa pertenceu ao mosteiro anque pode datarse entre 1215 e 1225 pola súa tipoloxía.

O cenobio debeu de ser de certa importancia xa que recibiu doazóns rexias de entidade aparte das habituais doazóns particulares.

Estivo moi relacionado co próximo mosteiro de Oseira, o que probablemente debeu ter dereito xurisdiccional de inspección e visita.

Isabel Ulloa foi a verdadeira abadesa que goberna o mosteiro antes da súa anexión en 1499 (logo de catro séculos de vida monacal) ao de san Paio de Antealtares polo Padre General da congregación de San Benito el Real de Valladolid, Padre Rodrigo de Valencia, ao establecer a vida monacal no mosteiro de Santiago coas monxas procedentes doutros mosteiros que foron suprimidos. A partir desta data queda vinculado e dependente do gran mosteiro de Antealtares, quen dirixiu o priorado de Dozón ata o século XIX cando a desamortización puxo punto final a este estado e pasou a ser unha igrexa da Diocese de Lugo, anexa á parroquia de santa María de Dozón. Isto explica porque non se conserva nada das dependencias claustrais do antigo mosteiro de beneditinas, só a igrexa, que se mantén sen adicións nen reformas posteriores. Ademais preservouse o campanario que é un elemento especialmente vulnerable.

O edificio construído segundo fórmulas do tardorrománico é unha sinxela edificación propia dun mosteiro de menor entidade pero de enorme interese, de reducidas dimensións para acoller a unha comunidade de relixiosas pouco numerosa.

Existe un contrato de obras do ano 1658, a cuberta e parte dun lenzo do edificio vencera e, como vén sendo habitual nesta época, a reconstrución acometeuse sen respectar o plan orixinal, posiblemente debido a cuestións económicas.

Trátase dunha igrexa dunha sola nave e ábsida semicircular. A nave ten unha cuberta con estrutura de madeira a dúas augas cos tirantes apoiados sobre cinco pares de ménsulas en cuarto bocel. As ventás e seteiras laterais ábreanse cun derrame interno en arco semicircular. Dispón dun rebanco perimetral que na actualidade está absorbido polo pavimento.

O aparello empregado é sillería granítica granítica perfectamente escuadrada, asentada en fiadas regulares nas que predomina a disposición a soga.

A fachada oeste componse dun corpo rectangular en altura, resaltado e flanqueado por dous contrafortes e descentrado con respecto á fachada.



A fachada sur está compartimentada en catro panos de desigual lonxitude por cinco contrafortes, horizontalmente cortada por unha imposta.

A fachada norte componse dun corpo en resalto onde se atopa a porta, o resto da fachada está compartimentada en dous panos por dous contrafortes. O corpo da portada está coroado por unha cornixa de arquiños de medio punto sobre canzorros.

A ábsida está composta por un tramo recto limitado a oriente por un contraforte e o hemiciclo en cinco panos por columnas entregas. Sobre o testeiro da nave sitúase un carneiro místico e coroando o pinche da fachada oeste sitúase unha cruz de brazos iguais e extremos ensanchados.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2022 a DXPC promoveu as obras de conservación na igrexa do mosteiro de san Pedro de Vilanova focalizadas no exterior do inmovible e que consistiron de xeito resumido na substitución da cuberta, intervencións nos pavimentos, fachadas e muros exteriores así coma a canalización de pluviais e drenaxes. Este mesmo ano tamén se executou un tratamento de conservación do retablo maior e guadamecí da igrexa.

Na actualidade o estado de conservación do interior da igrexa require de tarefas de mantemento e acondicionamento para súa correcta conservación e uso. A instalación de electricidade e iluminación precisa ser renovada e adecuada á normativa vixente.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- Desmante, limpeza e traslado ao interior do arco situado no exterior da fachada norte.
- Limpeza dos paramentos interiores.
- Limpeza e tratamento dos elementos de madeira da estrutura de cuberta.
- Renovación integral da instalación eléctrica e do sistema de alumeado.

